



# Programa Xuventude Emprende



25, 26 e 27 de marzo 2013

XUNTA DE GALICIA

**Xuventude Emprende** é un programa desenvolvido pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para o fomento do espírito emprendedor entre os que esteades a cursar o bacharelato ou un ciclo formativo de grao medio.

## 1. Obxectivos

- a) Proporcionarvos unhas xornadas educativas fóra da aula.
- b) Axudarvos a desenvolver competencias emprendedoras como o traballo en equipo, a iniciativa empresarial, a comunicación interpersonal e a xestión da diversidade, entre outras.
- c) Sensibilizarvos sobre a importancia dunha actitude emprendedora no desempeño de calquera iniciativa, actual ou futura.
- d) Facervos reflexionar sobre as consideracións necesarias para o desenvolvemento dunha proposta de valor.

Estas xornadas desenvolveranse ao longo de **3 días**, durante os cales vos aloxaredes no **Albergue Xuvenil de Gandarío (Bergondo)**.

Inclúe **sesións de teambuilding**, introdución ao emprendemento, **creación de valor**, creatividade, **técnicas de comunicación**, márketing, introdución ás finanzas e **actividades outdoor**, con espazo para o lecer e os xogos.

Ao longo da formación, teredes a oportunidade de desenvolver, en **equipos multidisciplinares**, un determinado proxecto ou idea de negocio.

Ao finalizar a formación, todos os grupos lles presentaredes os vosos proxectos ao resto de compañeiros.

Tanto as actividades desenvolvidas como o aloxamento non suporán ningún custo para os/as participantes.

## 2. Programa

### Luns, 25 de marzo

**10.30h** Recepción e instalación dos participantes

**11.30h** Sesión de apertura

**12.00h** Dinámicas de presentación e formación de grupos

**14.00h** Comida

**16.00h** *Workshop Creatividade e innovación*

**17.30h** Merenda

**18.00h** Teamwork

**19.30h** Xogo

**20.30h** Ducha

**21.15h** Cea

**22.00h** Cine emprendedor

**00.00h** Retirada

### Martes, 26 de marzo

**9.00h** Almorzo

**9.30h** *Workshop Márketing*

**11.00h** Descanso

**11.30h** Teamwork

**13.00h** Xogo do comercio

**14.00h** Comida

**16.00h** *Workshop Finanzas*

**17.30h** Merenda

**18.00h** Teamwork

**19.30h** Xogo de Xeolocalización

**20.30h** Ducha

**21.15h** Cea

**22.00h** Velada

**00.00h** Retirada

### Mércores, 27 de marzo

**9.00h** Almorzo

**9.30h** *Workshop Comunicación*

**11.00h** Descanso

**11.30h** Teamwork

**13.00h** Preparación das presentacións

**14.00h** Comida

**16.00h** Presentación das propostas de valor

**18.00h** Partida

### 3. Descripción das xornadas

O **primeiro día** está enfocado cara ao coñecemento e á creación de grupos informais. Durante a mañá coñecerédesvos entre vós e o resto do equipo (facilitadores e monitores). Durante a tarde comézase coa xeración de ideas a través da creatividade e a innovación. Estas defínense como clave en calquera proceso emprendedor. Trátase de estudar a pertinencia dunha idea que, a pesar de ser interesante, pode non ter cabida no mercado actual.

Unha vez definido o potencial da oportunidade é necesario validar o concepto. O **segundo día** pártese da idea e é preciso descubrir o que os clientes queren. Concíbese a forma como se lles vai a facer dispoñible aquilo que desexan e defínese a estratexia que se vai seguir. Trabállanse tamén as competencias financeiras de forma que se asegura a viabilidade do proxecto. Teredes que elaborar unha pequena folla de cálculo na que proxectaredes as vendas e calcularedes o investimento inicial, entre outros parámetros. Ademais, deberedes comunicar verbalmente o valor dos recursos empregados, incluído o custo de oportunidade do propio traballo e a vosa proposta de valor.

Durante o **terceiro día** adquiriredes as competencias de comunicación necesarias para lles presentar a vosa proposta de valor ao resto de compañeiros/as.



**¡Descubre o teu ADN Emprendedor!**

## 4. Información xeral

### INSCRICIÓNS E ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

A inscrición realizarase inicialmente de xeito electrónico a través dun formulario web na páxina [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net).

Unha vez recibidas as vosas solicitudes, farase unha selección destas atendendo á orde de entrada dos correos electrónicos.

Se foses unha das persoas seleccionadas, comunicaráseche vía correo electrónico. Logo terás un prazo de 3 días para remitir ao enderezo [subdireccion.programas@xunta.es](mailto:subdireccion.programas@xunta.es) a copia escaneada dos seguintes documentos:

- Solicitud debidamente cuberta e asinada polo/a pai/nai ou titor/a. No caso de non outorgar autorización expresa de comprobación deberá achegar copia compulsada do DNI do pai/nai, titor-a
- Tarxeta sanitaria
- Cuestionario médico-sanitario
- Autorización para fotos e videos
- Documento acreditativo de estar a cursar o bacharelato ou un ciclo formativo de grao medio

Esta documentación deberásele remitir, así mesmo, por correo postal á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (\*)

### PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición comeza o día **26 de febreiro** ás 10.00 horas e remata o día **8 de marzo** ás 13.00 horas. Non se admitirán solicitudes cuxa data e hora sexa anterior ou posterior á data sinalada como prazo de inscrición.

Lembrar que unha vez que se vos comunica a vosa admisión no programa a través dun correo electrónico, teredes un prazo de 3 días para remitir a documentación indicada

### DESTINATARIOS

Rapaces e rapazas de 1º e 2º de bacharelato e ciclos formativos de grao medio

### DATAS E LOCALIZACIÓN

25, 26 e 27 de marzo 2013 no Albergue Xuvenil de Gandarío (Bergondo - A Coruña).

### NÚMERO DE PRAZAS

40 prazas

(\*) Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado  
Servizo de Participación Xuvenil  
San Lázaro, 3º andar  
15781. Santiago de Compostela

galicia

